

ECONOMÍA E MÉTODO: UNHA SÍNTESE CONVENCIONAL

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ / MARÍA CADAVAL SAMPEDRO
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 22 outubro 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

Resumo: *Preséntase unha síntese dalgúns aspectos relativos do pensamento económico, cunha valoración crítica da aproximación metodolóxica, especialmente no referente á facenda pública.*

Palabras clave: *Economía / Método / Análise positiva / Análise normativa / Desequilibrio / Escola histórica / Institucionalismo.*

ECONOMY AND METHOD: A CONVENTIONAL SYNTHESIS

Abstract: *In this paper, we show a synthesis of some aspects in the economic thinking, with a critical valuation of the methodological approach, specially connected with the Public Finance.*

Keywords: *Economy / Method / Positive analysis / Normative analysis / Unbalance / Historic school / Institutionalism.*

Cando no século XV e nos comezos do XVI se reacciona contra o espírito teolóxico e autoritario da Idade Media, é dicir, coa aparición do Renacemento (Hay e outros, 1969), tamén esperta o interese polo estudio dos problemas económicos. E o mercantilismo foi a etiqueta dos que se ocuparon desas cuestións, que xeraron unha doutrina de homes prácticos que, lonxe das análises sofisticadas, defenderon unha ampla regulación estatal da actividade económica en interese da economía nacional, discrepando fundamentalmente do *laissez-faire* e cuns obxectivos mínimos: balanza comercial equilibrada e balanza de poder igualmente equilibrada (Viner, 1975, pp. 733-739). Desde un punto de vista metodolóxico, non adoitaban dedicarse ás xeneralizacións universais no sentido de propoñer “leis” do “comportamento” económico (Katouzian, 1982, p. 35).

Sería a influencia da *natureza*, da *orde* da física de Newton, a que levou os *fisiócratas* a avogar polo goberno da actividade económica de acordo coas *leis impostas á Natureza pola Providencia*. A súa achega tivo un amplo alento, xa que o modelo de fluxo circular sería estudado por Marx mentres que Walras desenvolvería un *tableau* similar ó de Quesnay, tamén considerado como o primeiro precedente da análise *input-output* (Spengler, 1975, pp. 737-742; Meek, 1962). Antes dos fisiócratas non se detectaran máis ca fenómenos locais no corpo económico.

Tras eles, considerouse por primeira vez ese corpo como un organismo e emprendeuse a súa análise. No dicir de Schumpeter (1967, p. 54), “*abriendo la brecha decisiva por la que había de pasar todo el progreso teórico posterior*”.

Aínda que poderían atoparse inclinacións fisiocráticas en Adam Smith –“*só na agricultura a natureza traballa co home*”–, o seu método é complexo. De feito empregou metodoloxías radicalmente diferentes nas distintas partes da súa obra. Así, en *A riqueza das nacións* (libros I e II) acode á estática comparativa mentres que nos libros III, IV e V e nunha boa parte da súa *Teoría dos sentimentos morais* utiliza o método histórico (Blaug, 1985, pp. 76-77). Pero unha auténtica revolución metodolóxica chegará con Malthus, con Say e con Ricardo. Malthus tivo en conta relacións cuantitativas que desafiaban a refutación empírica. E Ricardo, cun enfoque cartesiano –partindo de supostos– elaboraba teorías que, de ser lóxicamente consistentes, resultaban verdadeiras e aceptables (Katouzian, 1982, p. 42). Sen dúbida, era un defensor do que poderíamos chamar “modelos de explicación “hipotético-deductivos” (Blaug, 1985, p. 78). Say, á súa vez, puxo a énfase sobre a economía como ciencia empírica baseada na observación, aínda que foi acusado de “ideólogo” como consecuencia da súa tendencia –logo de asegura-la soberanía dos feitos– a interpretalos, adaptándoos ós resultados desexados (Leduc, 1975, p. 488).

Marx, pola súa parte, acentuou o interese polo histórico e polo empírico ata conseguir –a través da súa interpretación materialista da historia– darlle, en certo sentido, a volta a Hegel, “poñelo de pé”. Quen bebera do materialismo francés, do empirismo británico e da economía clásica acabou posuíndo unha concepción sociolóxica da formación e do desenvolvemento das sociedades humanas (Rubel, 1957).

Co marxinalismo favoreceuse o método ricardiano da especulación puramente lóxica, estendendo a toda a teoría económica a formulación marxinal que Ricardo desenvolveu na súa teoría da renda. Jevons potenciaría o subxectivo, o psicolóxico, e, abandonando o custo de produción –é dicir, a oferta– como único determinante do valor, situou a demanda como forza predominante na formación do prezo. Demanda que depende da *utilidade marxinal*, fenómeno psíquico (Oser e Blanchfield, 1975, cap. 12). Pero, se cadra, o máis importante desde o punto de vista metodolóxico sexa sinalar que se asiste na análise económica a unha verdadeira ruptura: non se considerarán máis as categorías sociais agregadas e distintas: os asalariados, os capitalistas, os terratenentes senón os comportamentos individualizados: o do consumidor, o do produtor, o do aforrador (Delfaud, 1986a, p. 34).

Desde unha teoría do valor diferente á do valor-traballo, pasando polos estudos da escola de Cambridge –é dicir, o axuste dos mercados e o equilibrio parcial marshalliano–, ata o equilibrio xeral e o óptimo para unha economía de intercambio –Walras, Pareto, Hecksher-Ohlin–, a *análise neoclásica* vai enlazar cos *teóricos do desequilibrio* sen unha solución de continuidade metodolóxica substantiva

(Delfaud, 1986a, p. 65). Sen embargo, posto que falamos habitualmente de aproximacións micro e macroeconómicas a elas ímonos referir.

A *macroeconomía*, en canto método, non é debedora exclusivamente de Keynes, xa que os fisiócratas operaban desde esa perspectiva cando dividían a sociedade en tres “clases” para demostra-la “circulación da riqueza” (Brooman, 1970, cap. 1). Incluso o termo foi acuñado antes da “Teoría xeral”, posto que Ragnar Frisch o usa xa no ano 1933. E Keynes –por exemplo, na súa elaboración da “preferencia pola liquidez”– válese do estudio do comportamento individual do “especulador” (Delfaud, 1986a, p. 74; Delfaud, 1986b). O que ocorre é que, ó modelar, Keynes *agrega*: “*c’est sur ce point que la distinction micro/macro est une approximation acceptable*” (Delfaud, 1986a, p. 74). Keynes vén a conservar en certa medida un enfoque global emparentado con aqueles que tiñan unha visión de conxunto de cara a tres fases fundamentais: produción, distribución e acumulación. A súa perspectiva do circuíto produto-renda-gasto (Poulon, 1982) vai nesta liña, pero ese circuíto non ten en conta grupos nin clases sociais, senón funcións macroeconómicas. E cando poñemo-lo exemplo da “preferencia pola liquidez”, estamos sinalando a proximidade keynesiana ó método neoclásico, no sentido da consideración dos comportamentos elementais: decisións de consumir, aforrar, etc. Metodoloxía, pois, *intermedia*, aínda que a “Teoría xeral” foi tan interpretada e reinterpretada que sempre xorden inseguridades (Leijonhufvud, 1966).

Non nos imos deter nos modelos de crecemento que tiveron como referencia básica o modelo keynesiano –Domar, Harrod–, nin na discusión da “nova escola de Cambridge” (Inglaterra), pero diremos que a reacción neoclásica, con base no modelo de Solow (1956, pp. 65-94), chegaría á “parábola” que eleva o modelo ó plano normativo; é dicir, ás condicións dun crecemento “óptimo”. Conclusións que non quedarían sen réplica metodolóxica, sobre todo en torno ó concepto de capital (Harcourt, 1971). Arrincando precisamente desta controversia, poderíamos sintetizar tres direccións: 1) a teoría do capital e da acumulación; 2) a microeconomía moderna: equilibrio xeral e benestar; 3) do monetarismo á nova macroeconomía clásica.

Polo que respecta á teoría do capital e da acumulación, distinguimos, á súa vez, dous aspectos: por un lado, os problemas de medida do capital e as súas implicacións lóxicas; por outro, as análises marxistas que van facéndolles fronte ás etapas do capitalismo. Con Sraffa (1960) vólvese en certa maneira a Ricardo, intentando demostra-la invalidez das parábolas neoclásicas (Garegnani, 1970, pp. 407-436). E as lecturas do capitalismo desde posturas netamente marxistas ocupan a autores como Baran e Swezy (1964), Amin (1973), etc., con posicións non sempre homologables e que outros combinan, como Aglietta (1979), propoñendo unha periodicación do desenvolvemento capitalista sobre a base da correspondencia entre modo de regulación e réxime de acumulación.

En canto á microeconomía moderna, J.R. Hicks (1964) e P.A. Samuelson (1947) estableceron as condicións dunha “estabilidade dinámica” –na perspectiva walrasiana– que leva ó sistema cara á súa posición de equilibrio. Nesta reformulación e reconstrución do equilibrio xeral afondaría o modelo Arrow-Debreu (1954, pp. 265-290), con perfeccionamentos posteriores a cargo, entre outros, de Fisher, de Hildenbrand, de Morishima e de Malinvaud. Aí se reencontrarían cos traballos poskeynesianos sobre os *fundamentos microeconómicos da macroeconomía* (Delfaud, 1986a, p. 106). Tamén a través da *teoría dos xogos* se produciría un certo retorno a Edgeworth e, á vez, atoparon sitio nesta microeconomía unha serie de problemas que acampan fóra do mercado: *as externalidades e os bens públicos*.

Marshall (1970, p. 441), no longo prazo, consideraba que a empresa desenvolve o seu equipo técnico cando quere producir máis bens. Podería, daquela, facer descender regularmente os seus custos marxinais ata que chegasen a ser constantes. E para iso introduce as *economías externas*, admitindo que o decrecemento dos custos obedece a feitos exteriores á mesma empresa. Este concepto, de seguida criticado, “*quizás era demasiado dinámico para empregarlo rápidamente en una teoría estática*” (Seligman, 1966, p. 568).

Pigou afondaría na análise marshalliana poñendo nun lugar sobresaliente a relación dos intereses económicos individuais con respecto ós comunitarios: nos seus propios termos analíticos, “*la relación que debía fijarse entre el valor del producto marginal neto privado y el producto neto social*” (Seligman, 1966, p. 583). A intervención propugnada por Pigou ía na dirección de corrixi-las diverxencias entre ámbolos dous produtos netos.

Os efectos externos –a súa definición máis xeral deuna Mishan (1969)– xustificaron, pois, a intervención estatal, xa que os mecanismos de mercado non eran suficientes para reduci-las distorsións na perspectiva paretiana. Unha discusión posterior –unha descrición polo miúdo non cabe neste lugar– produciuse en torno ó chamado problema da “compensación” (Lipsey e Lancaster, 1965, pp. 11-32; Davis e Winston, 1965, pp. 1-14; Scitowsky, 1941, pp. 77 e ss.; Little, 1960), que abriu dúas vías: a *positiva*, que se limita a considerar un punto de partida dado na asignación, e a *normativa*, que se preocupa da distribución.

Nesta mesma orde de cousas e dentro dos problemas que desbordan os límites do mercado atópase o tema dos bens públicos. As escolas italianas –Mazzola, De Viti di Marco– e sueca –Wicksell e Lindhal– presentaran xa a cuestión, que alcanzou “a formulación máis elegante” (Delfaud, 1986a, p. 110) con Samuelson. Sobre isto volveremos, e abonda polo de agora con dicir que, tanto no terreo das externalidades como no dos bens públicos, a “nova economía” ou “neoliberalismo económico” rexeita, sen ningunha evolución metodolóxica esencial, o feito inevitable do intervencionismo estatal (Coase, 1960, pp. 1-44; Seldon, 1983, pp. 181-208). Pero, sen embargo, o cambio vén definido, máis ca por novidades substantivas, pola *énfase microeconómica*. A adscrición ó individualismo metodolóxico, nun sentido popperiano, compártese coa ruptura dunha asimetría: só

popperiano, compártese coa ruptura dunha asimetría: só parecían existi-los erros do mercado, cando tamén poderían comprobarse os erros do Estado. De aí que outra deriva será a intensiva dedicación á *análise positiva* (Casahuga, 1980) e as súas inevitables resonancias institucionais.

A terceira dirección que seleccionabamos vai do monetarismo á nova macroeconomía clásica ou, mellor, das teorías do *equilibrio xeral monetario*, ó que se lle chamou “*versión sofisticada del monetarismo tradicional*” (Villaverde, 1983, p. 216), á teoría *das expectativas racionais*. Os economistas que se ocuparon de analiza-lo diñeiro nun contexto de equilibrio xeral centráronse especialmente na posible relación entre os cambios na oferta de diñeiro e os cambios nunha variable real: o tipo de xuro. Como se sabe, os clásicos consideraron esta variable como independente dos cambios na oferta nominal de diñeiro, e así estableceron unha dicotomía entre os sectores real e monetario da economía. Keynes considerou o tipo de xuro como determinado pola elección entre diñeiro e outros activos, podendo un cambio na cantidade de diñeiro afectarlle ó tipo de xuro de equilibrio. Pigou, para salva-la posibilidade dun equilibrio con desemprego, introduciu o efecto dos saldos reais. Don Patinkin, reflexionando sobre este efecto –e utilizando un procedemento analítico adiantado por Oscar Lange– atacou a dicotomía clásica, demostrando que o índice de prezos sería indeterminado sen o efecto de saldo real e indicou que, en determinadas circunstancias, aínda en presenza dese efecto, o tipo de xuro era independente dos cambios na cantidade nominal de diñeiro.

Confirmada, pois, para Patinkin, a *neutralidade do diñeiro*, e ó conserva-la independencia efectiva a longo prazo entre os sectores real e monetario, veu obte-lo mesmo resultado, nun marco de equilibrio xeral, que o ofrecido por Friedman nunha análise de equilibrio parcial (Patinkin, 1965; Lange, 1942; Makin, 1975, cap. 15). Metzler e Mundell examinaron tamén o efecto dos cambios na oferta de diñeiro. O primeiro puxo de relevo que esas variacións levadas a cabo a través de operacións de *open market* poden conducir a unha taxa de xuro en equilibrio. Iso equivale a soste que o diñeiro non é neutral, desde o momento en que os cambios na oferta de diñeiro poden afectarlle ó tipo de xuro, variable real (Metzler, 1951, pp. 93-116). Mundell estendeu a análise de Metzler, discutindo de qué forma un cambio nos impostos que vaia parello cun cambio na cantidade de débeda en circulación –para un goberno que persegue o equilibrio orzamentario– determinará algún efecto sobre o tipo de xuro de equilibrio por unha variación na oferta nominal de diñeiro (Mundell, 1960, pp. 622-626).

A xeneralización polos efectos de riqueza e de substitución entre activos conduciría á afirmación de que a oferta de diñeiro é susceptible de exercer un efecto positivo sobre a actividade económica, afectándolles ós mercados financeiros. Así, por exemplo, sentouse o precedente para a Administración Kennedy-Johnson (“New-Economics”) (Delfaud, 1986b, cap. III), é dicir, unha política monetaria activa, de inspiración keynesiana.

Friedman sostivo que a demanda de diñeiro depende de poucas variables: a riqueza total dos axentes –incluído o capital humano–, os prezos e os rendementos respectivos asociados ós compoñentes desa riqueza e as preferencias individuais. Para el, esa función goza dunha certa estabilidade (Friedman e Schawartz, 1963), sendo coñecida a súa postura *cuantitativista* respecto á conveniencia dunha oferta monetaria igualmente estabilizada.

Para conectarmos cos problemas ligados ós *custos de información* e ás *expectativas racionais*, mencionaremos como o xa citado Milton Friedman (1968, pp. 1--17) e Eddward Phelps (1968, pp. 678-711) formularían a *teoría aceleracionista*. En esencia, a súa interpretación suxire que co tempo os traballadores axustan os seus salarios nominais de acordo cos seus salarios reais e, en consecuencia, xa non hai un cambio a longo prazo como o especificado pola curva de Phillips. No curto prazo, din, un incremento imprevisto da inflación baixará os salarios reais e reducirá o desemprego. Agora ben, tan axiña como os traballadores (ou as organizacións que os representan) se dean conta de cá é a taxa real de inflación, axustarán á alza as demandas de salarios nominais. O aumento dos salarios reais fará tende--lo emprego cara á taxa “natural” de paro. Así, a saída keynesiana sería aumenta-la inflación dentro dunha espiral prezos-salarios que desbarate as expectativas. O termo “aceleracionista” vén da necesidade dun incremento maior da taxa de inflación para unha redución dada do nivel de emprego¹.

A *macroeconomía moderna* toma en consideración os custos de información e na súa dirección establécense os seus fundamentos microeconómicos. Tamén aí se podería situa-lo punto de partida da *teoría do desequilibrio* poskeynesiano e o fundamento lóxico da “*nova macroeconomía clásica*” (Delfaud, 1986a, p. 117). Ata agora, nesta terceira dirección do pensamento económico poderíamos subliñar dúas formas de enfoque: *equilibrio xeral* e *equilibrio parcial*, que xa saíran a colación ó longo das páxinas anteriores. Metodoloxicamente, pois, as dúas liñas que, respectivamente, inspiraron Walras e Cournot, pero poñendo cada vez máis o acento no *equilibrio xeral*, con diversos matices. En efecto, Clower iniciou no ano 1965 o ataque “a grande escala” ó modelo renda-gasto keynesiano, dirixindo a teoría “*cara á consideración explícita dos estados de desequilibrio, o que constituía o «leit motiv» do libro de Leijonhufvud*”, discípulo daquel². O intento de identificar un Keynes máis aló de toda sospeita esexética ou desenfocada faise desde un sistema de equilibrio xeral “monetarizado”, establecéndose os fundamentos “micro” da macroeconomía (Delfaud, 1986a, p. 118).

Tanto Clower como Leijonhufvud argumentan para demostrar que o equilibrio con desemprego de Keynes ten explicación con independencia da trampa da liquidez, da ilusión monetaria e da rixidez dos salarios. E díxose que, aínda que en apa-

¹ Unha teoría da curva de Phillips que quere reconcilia-lo punto de vista tradicional e o punto de vista aceleracionista pode verse en Tobin (1972, pp. 1-18).

² Véxase a presentación da edición en castelán da obra de Leijonhufvud realizada por J. Silvestre (p. XII).

rencia é un ataque frontal á escola do equilibrio xeral, na práctica consiste nunha “*walrasización*”, aínda que máis sofisticada (Ahijado, 1983, p. 163). O certo, de todos modos, é que ante economías con capacidades de axustes espontáneos máis ben restrinxidas –custos de transacción, información e xestión– é esencial a análise das situacións de desequilibrio (Fernández e Rodríguez, 1983, pp. 232-233), chámelle a iso como se lle queira chamar. O que se propón é a toma en consideración dun tipo de información que lles afecta ás cantidades e non ós prezos: introdúcese restricións cuantitativas que, percibidas polos axentes, modifican a forma das súas decisións. Tal adaptación polas cantidades e non polos prezos constitúe a diferenza esencial entre o *modelo poskeynesiano do desequilibrio* e o equilibrio xeral walrasiano. En definitiva, en ausencia dunha absoluta flexibilidade dos prezos, o coñecemento dos axentes acerca das limitacións cuantitativas –e dos racionamentos– levaríalos a modifica-los seus comportamentos (Autume, 1980).

Os partidarios do “desequilibrio” estudian toda unha gama posible de “equilibrio a prezos fixos” (Barro e Grossman, 1971), describindo unha tipoloxía de situacións: “paro keynesiano”, cando as economías domésticas están “racionadas” no mercado de traballo e os produtores no de bens; “paro clásico”, cando hai escaseza de oferta no mercado de traballo e escaseza de demanda no mercado de bens, polo que as familias están “racionadas” en ámbolos dous mercados e os produtores non, etc. (Benassy, 1982; Malinvaud, 1977). E fan unha dobre declaración: por un lado, cren que a teoría do desequilibrio lle outorga consistencia á tese que lle achaca o desemprego de recursos productivos á falta de coordinación das decisións adoptadas polos axentes económicos, sobre todo ó deficiente funcionamento do mecanismo de prezos. Por outra parte, apostan por esta liña metodolóxica para facer progresos analíticos.

A nova macroeconomía clásica, monetarismo novísimo (Cuervo, 1984, pp. 17--45) ou monetarismo II (Tobin, 1981, pp. 29-42; Brunner, 1986, pp. 188-204) desenvolveuse fundamentalmente nos Estados Unidos desde os anos setenta a raíz dos traballos de Lucas (1972, pp. 103-124), de Sargent (1973) e de Wallace (1975, pp. 241-254). Xa en 1961, J.F. Muth supuxo que as expectativas –predicción informada de feitos por suceder– son equivalentes ás prediccións derivables da teoría económica relevante. Ademais, os axentes aprenden o suficiente como para excluí-los erros sistemáticos ó formar expectativas (Muth, 1961, pp. 199-228). En consecuencia, a política económica baseada na teoría é comprendida polos axentes –que se adaptan–, xa que posúen o mesmo nivel de información que aqueles que deciden. Só a sorpresa sería eficaz no curto prazo.

En canto ó método, aínda que estes macroeconomistas utilizan o concepto de “equilibrio”, non se asimilan ós modelos walrasianos de equilibrio estático. “*El objetivo central de la nueva macroeconomía es explicar el fenómeno de auges y depresiones de la actividad económica que llamamos ciclo económico, y explicarlo en términos de equilibrio, como resultado de las decisiones óptimas de los agentes en un marco en el que los mercados se equilibran continuamente. Esto lleva a la*

utilización de modelos de equilibrio general dinámicos y estadísticos” (Cuervo, 1984, p. 18). Equilibrio, polo tanto, como senda temporal específica entre outros posibles (Cuervo, 1984, p. 18)³.

Das formulación e desenvolvementos emanados da “nova macroeconomía clásica” pódense deducir facilmente, nunha primeira aproximación, conclusións pesimistas acerca da efectividade da política económica e, de modo subxacente, sobre a pertinencia dos modelos econométricos. Coa teoría das expectativas racionais atácase directamente a estabilidade dos parámetros estimados nos modelos ante diferentes políticas: “*no hay posibilidad alguna de simular diferentes políticas para comparar sus resultados a largo plazo sobre la economía, si la propia estructura del modelo econométrico utilizado cambia con la elección de política, esto es, si la propia política es parte de la estructura de la economía*” (Cuervo, 1984, p. 33).

As conclusións parecen pesimistas nunha primeira aproximación, pero a cuestión non é tan simple nin tan radical. Aínda que a evidencia contundente dos feitos e as achegas dos novos teóricos reduciron os entusiasmos de quen afirmaban, de modo case axiomático, a operatividade da actuación anticíclica governamental, non é menos certo que a proposición de neutralidade, invariancia ou non efectividade da política económica anticipada (Mishkin, 1983; Raymond, 1986, pp. 231--246) non é moi acorde coa realidade, *especialmente no curto prazo*. Só no caso de que os axentes aprendesen automaticamente, de que non existisen convenios inductores de rixideces nos prezos ou de que fosen nulas as diverxencias entre o sector privado e o sector público en canto a información, a política de estabilización sería imposible (Laidler, 1982; Fischer, 1977, pp. 191-205; McCallum, 1980, pp. 716-746)⁴. Sen embargo, nin na elaboración de modelos econométricos nin no campo da teoría e da política económica as cousas seguirán sendo iguais. Se impoñen refinamentos das técnicas econométricas de estimación e de simulación á vez que a hipótese das expectativas racionais estará presente de modo inevitable na busca teórica dunha explicación satisfactoria das fluctuacións económicas. Franco Modigliani (1977, pp. 1-19), un keynesiano ecléctico en principio forte detractor da “nova macroeconomía clásica”, recoñeceu máis tarde que os modelos deben incorporar expectativas cando menos “non irracionais”. Tobin (1981), á súa vez, recoñece a forza das novas ideas, destinadas a integrar dalgún modo a futura ortodoxia.

Ó noso xuízo, non resultaría superflua unha *addenda* probablemente necesaria. Referímonos á escola histórica e ó institucionalismo. Ata este momento, tentamos facer unha síntese apertada da metodoloxía económica, cun marcado nesgo cara á análise convencional. Máis adiante extraeremos algúns puntos recorrentes, obxecto de controversia metodolóxica, pero a nosa tarefa é subliñar, aínda que sexa a grandes trazos, o camiño que nos levará á xustificación dunha determinada perspectiva

³ Poden consultarse tamén, entre outros, Schiller (1978, pp. 1-44) e Sheffrin (1983).

⁴ Un bo resumo crítico pode atoparse en Tomas Carpi (1984, pp. 205-220).

da facenda pública. De aí que nos deteñamos nos aspectos metodolóxicos da escola histórica e do institucionalismo.

O historicismo enfocou o estudio da sociedade dun modo evolucionista, considerou á comunidade como rententora de intereses distintos dos individuais e criticou a abstracción, a deductividade e a tendencia ahistórica da metodoloxía clásica e marxinalista (Oser e Blanchfield, 1975, p. 221). Co transfondo intelectual de Hegel, quen desconfiaba das reformas a través do razoamento abstracto, conclúese que só o descubrimento histórico do espírito é capaz de revela-lo verdadeiro devir dos sucesos humanos. Roscher, Hildebrand e Knies sinalaron a necesidade de investigar-lo crecemento e o desenvolvemento das institucións económicas (Seligman, 1966, pp. 18 e ss.). A “rebelión contra o formalismo” do que nos fala Seligman levou progresivamente á controversia ou á pugna dos métodos: o “Methodenstreit” (Schumpeter, 1971, pp. 891 e ss.; Schumpeter, 1967). Cando Menger relegou a un lugar secundario o método histórico, Schmoller reaccionou afirmando que só se podía avanzar proveitosamente en economía utilizando rigorosamente datos descritivos, históricos e estatísticos. De tódolos modos, Schmoller non compartía a vertente historicista máis radical e non negaba a posibilidade dunha ciencia da Economía (Otero Díaz, 1986, p. 60). Sombart, por exemplo, relativizao todo, de modo afin ó seu propio devir vital. Rexeitou a idea das leis universais, insistindo en que as institucións económicas son relativas ó tempo e ó lugar. De Weber, que só nun sentido moi lato podería considerarse economista, pode dicirse que, con antecedentes intelectuais historicistas, “*foille necesario desprenderse da herdanza dos economistas históricos que estaban mesturando nos seus traballos un curioso marxismo pervertido, xunto coa visión romántica e idealista do «espírito», transmitindo desta forma no estudio da sociedade unha metodoloxía intuitiva, pero irracional*”. O propósito de Weber foi establece-la lei, a calculabilidade e a racionalidade como bases da ciencia social (Seligman, 1966, p. 42).

Reteremos dous aspectos das formulacións, desenvolvemento e polémicas xurdidas en torno á escola histórica: a) en canto ó contido ou ás conclusións, salvando a heteroxeneidade do propio historicismo; b) en canto ó método. Polo que respecta ó primeiro punto, sublíñase a relatividade das leis xerais e universais. Posto que as condicións económicas e sociais están sometidas a unha constante modificación – cambiando á vez as regularidades observadas– é imposible elaborar unha teoría e unha política económica útiles para todo tempo e lugar. Non é correcto reduci-la

economía a “unha historia natural do egoísmo”. Hai, sen dúbida, outros motivos: o sentido do deber, a amizade, a filantropía, a ambición, etc. Por iso, a alma da abstracción conduce á caricatura da realidade. Así pois, polo que respecta a b), o método inductivo debe substituír ó deductivo, sendo a historia o instrumento de investigación máis adecuado (Lajugie, 1972).

A nosa perspectiva, á vista do exposto, non é outra cá de subscribi-la opinión de Schumpeter: entre a “economía pura” e o historicismo, a querela vén a ser insubstancial. “*Posto que non se pode discutir seriamente a básica importancia da investigación histórica para unha ciencia que estudia procesos históricos, nin tampouco a necesidade de desenvolver un conxunto de instrumentos analíticos cos cales manexa-los seus materiais, esta controversia parécenos, como tódalas disputas análogas, carente de todo sentido*” (Schumpeter, 1971, p. 892)⁵.

Está fóra de toda dúbida a influencia exercida pola escola histórica alemana sobre os *institucionalistas americanos*. As súas tres primeiras figuras –Veblen, Mitchell e Commons–, sen embargo, máis alá de certas similitudes metodolóxicas cos historicistas, non tiveron un enfoque nacionalista, sendo a súa perspectiva máis liberal e democrática (Oser e Blanchfield, 1975, p. 394). Non desdeñaron sistematicamente unha boa parte da teoría económica ortodoxa, pero puxeron a énfase da súa crítica en torno “*al entramado filosófico normativista, la psicología racionalista, la metodología particularista y la visión mecanicista del sistema económico, asociados con la economía ortodoxa o marshalliana*” (Gruchy, 1975, p. 756). Había que ir máis aló da teoría pura, só útil como unha primeira aproximación, para estudia-lo sistema como un proceso evolutivo onde o conflito –e non a harmonía– era a característica fundamental.

Os institucionalistas posteriores á II Guerra Mundial –Ayres, Means, Colm e Galbraith, entre outros– poñen o acento no que chaman “planificación nacional democrática limitada” e no problema dos valores sociais. Así, Galbraith formula a súa opinión de que a sociedade occidental opulenta padece un desequilibrio entre a produción dun exceso de bens privados e a escaseza de bens públicos. Pero, se cadra, onde os institucionalistas fixeron achegas máis fecundas foi no campo do subdesenvolvemento. Como se sabe, rexeitaban a idea de equilibrio como situación normal, insistindo máis nos cambios acumulativos, como fixo Gunnar Myrdal (1956, 1957, 1968), sempre dentro dun enfoque pluridisciplinar (Screpanti e Zamagni, 1993).

Pero, se tivesemos que identificar unha *metodoloxía común* en tódolos autores ós que se lles chamou *institucionalistas*, ¿poderíamos facelo?, ¿iriamos máis aló do “*story telling*”? (Ward, 1972, cap. 12). Probablemente non, se subscribisémo--los cualificativos que ás veces se lles outorga a economistas como Galbraith ou Myrdal, exceptuando neste os seus primeiros dez anos de traballo. A aquel chamábanlle

⁵ Poden verse tamén, entre outros, a Knight (1952, pp. 45-55) e Suranyi-Unger (1975, pp. 749-752).

xornalista; ó sueco, sociólogo. Pero o institucionalismo actual profesa con claridade unha fe metodolóxica común: a *investigación transdisciplinaria, o enfoque holístico*. Darwin e o seu evolucionismo está na rebotica, xa que se quere coñece-la evolución e o funcionamento das institucións económicas, requiríndose referencias desde a historia, a antropoloxía cultural, a filosofía, a psicoloxía e a psicoloxía social.

Como consecuencia da existencia dun ambiente complexo, o *holismo* sostén que tódolos fenómenos deben ser analizados dentro do contexto dese medio. De aí a necesidade da formulación interdisciplinaria (Dopfer [coord.], 1978, cap. I). Isto é, sen dúbida, un desafío difícil e complicado, pero ten a virtualidade de contribuír a unha máis concreta valoración de certos modelos: a súa sofisticación e elegancia formal pode ser conseguida a custa de falta de realismo.

Percorremos, pois, un “*iter*” metodolóxico polo institucionalismo, cuns extremos temporais que poden situarse no inductivismo heterodoxo dos precursores e no holismo máis recente.

No intento de sintetizar amplos capítulos da historia do pensamento económico, atopamos toda unha serie de conceptos, de valoracións e de discusións con certos denominadores comúns: o deductivo fronte ó inductivo; o normativo “*versus*” o positivo; equilibrio xeral e equilibrio parcial... Algunhas destas cuestións están no centro do debate.

A Comte débeselle seguramente a afirmación do *positivismo* como método: o procedemento correcto para as ciencias sociais consiste en xeneralizar a partir dos datos reais. En definitiva, trátase de segui-lo que se cría método exclusivo das ciencias da natureza, rexeitando toda metafísica, e postulando o dato como guía para o home e para a sociedade (Mardones e Ursua, 1983, pp. 76 e ss.). As ideas de Comte influíron en moitos científicos sociais das máis variadas orientacións: de Roscher a Engels, pasando polo mesmo Stuart Mill, aínda que este as recibise só parcialmente (Katouzian, 1982, pp. 52 e ss.). Pero hai dous positivismos: o propiamente comtiano e o do século XX, ou *positivismo lóxico*. Aínda que ámbolos dous beben da filosofía ilustrada, no seu afán por despraza-la metafísica e a teoloxía como fundamentos das institucións, a influencia do primeiro positivismo na evolución científica posterior foi substancialmente menor.

O positivismo lóxico –ou *empirismo lóxico*, como os seus iniciadores preferían chamarlle– nace nos anos vinte coa fundación do *Círculo de Viena*, destacando a figura de Rudolf Carnap. Puntais relevantes habían ser Bertrand Rusell –reducindo a matemática á lóxica–; Whitehead –que proporcionou unha lóxica simbólica–; e Wittgenstein –que desenvolveu as implicacións filosóficas da nova lóxica–. Para o que a nós nos interesa, o positivismo esixíalle á análise lóxica a tarefa de identificar qué enunciados reúnen as condicións para ser obxecto dun tratamento científico. E iso conseguíase a través da *verificación*: un enunciado terá sentido cando exista

un modo de comprobar se é verdadeiro ou falso. Pero a solución é difícil: ¿só se pode pedir un certo grao de confirmación ou de refutación?; ¿a verificación é unha posibilidade técnica, física ou simplemente lóxica? (Kaplan, pp. 375-380). En realidade, o positivismo lóxico pretendeu unha *síntese* entre o racionalismo e o empirismo: dos feitos observables ou experiencia sensorial pásase á formulación de hipóteses que, depuradas lóxicamente, serán sometidas a verificación. Se non pode levarse a cabo, estaremos en presenza de “ruídos sen significado”. Non imos entrar aquí nos problemas que se derivan da formulación –e conseguinte resolución– da cuestión: a) un enunciado científico ha ser *verificable*; b) debe ser contrastado polo proceso de *verificación empírica*. A discusión foi prolífica na literatura⁶ e nós permitímonos enlazala coa epistemoloxía popperiana.

Como se sabe, Popper rebaixa as pretensións do *criterio de demarcación* entre o significativo e o que carece de significado –propio do positivismo lóxico– e cingúese a delimitar proposicións empíricas e non empíricas, para excluír así a metafísica do ámbito científico (Popper, 1963, pp. 274 e ss.; Rojo, 1970, pp. 92 e ss.). Pero isto podería resultar insuficiente ou incluso confuso, polo que non son gratuítas algunhas precisións adicionais. En primeiro lugar, Popper admite que as hipóteses iniciais son suposicións de orde teórica, incluso xuízos de valor ou, o que é o mesmo, as experiencias sensoriais ou as observacións non serven para nada sen unha teoría. Resulta, pois, para Popper, lóxicamente inconsistente chegar ás hipóteses desde as observacións, sen unha “conxectura” adicional. Ademais, reduce a verificación á *falseabilidade*: o falseable pode non ser verificable, aínda que o recíproco sexa sempre certo. Toda proposición ou hipótese verdadeiramente científica debe ofrecer-la posibilidade de ser *falseable*. O que en termos popperianos quere dicir que debe existir cando menos un feito que, ó ser contrastado coa proposición, poida refutala. A máis posibilidades de falseamento para unha proposición determinada, máis relevante será para a ciencia.

Por outra parte, os “ruídos sen significado”, relegados polos positivistas lóxicos, non o son por Popper, aínda que non lles conferirá o status de coñecemento científico ata que se convertan en falseables. Admite, á vez, que o falseamento pode chegar a establecerse por vías racionais e/ou empíricas. Por último, e en torno á unicidade do método científico, é certa a súa coincidencia co Círculo de Viena, aínda que con algunhas –e probablemente non significativas– matizacións (Schwartz, 1970, pp. 117 e ss.).

As revisións que se viñeron facendo das posturas máis ou menos ortodoxas en torno ó *empirismo* –incluíndo os problemas centrados no falseamento de hipóteses e teorías e no irrealismo dos supostos– reflicten o que para algúns constitúe o desenvolvemento normal de calquera ciencia empírica (García-Bermejo, 1978, p. 69).

⁶ Katouzian (1966), entre outros.

As correntes metodolóxicas modernas son cautas con respecto ás posibilidades de establecer se unha teoría é verdadeira ou falsa. Aí están, por exemplo, os *paradigmas de Kuhn* (1970) ou os programas de *investigación de Lakatos* (1970, pp. 91-196).

A “ciencia normal”, para Kuhn, é o ámbito propio da actividade científica, construído a partir de conquistas significativas do pasado. Ese logro científico –*paradigma*– delimita o campo de investigación normal. Pero en determinados momentos, o funcionamento da ciencia normal descomponse, aparecen sistematicamente *anomalías*. Se de forma persistente se mostra unha incoherencia entre o paradigma e o mundo empírico xorde a crise e as chamadas “*revolucións científicas*”. Gastouse moita tinta en darlle voltas á interpretación de Kuhn. O mesmo parecía terse perdido entre tanta posible interpretación do concepto “paradigma” como podería desprenderse da primeira edición do seu libro. E incluso chega a volverse “popperiano” ó admiti-la contrastabilidade no seu modelo (Katouzian, 1966, pp. 121-126). Pero, en definitiva, logo de lelo e de repasa-los seus críticos e os seus seguidores (Toulmin, 1977; Suppe, 1979), non cremos que fixera unha achega decisiva. Nun momento dado, Kuhn acepta que a súa única orixinalidade consiste en aplicarlles ás ciencias o que os historiadores da literatura, da música, das artes, etc. facían nas súas respectivas materias (Kuhn, 1970, p. 208). “*Se o progreso científico presenta as mesmas características xerais dos outros desenvolvementos –di Katouzian–, ¿que é, daquela, o que distingue a estrutura das revolucións «científicas» (por non falar das científico-maduras) de todo o demais? Se non hai tal diferenza, o que temos é unha exposición da estrutura das «revolucións» en xeral, a simple afirmación tautolóxica de que tódalas ideas, sistemas, relacións, etc. cambian cando se enfrontan a unha crise e a unha alternativa máis aceptable. Iso é todo*” (Katouzian, 1966, pp. 126-127). Ten, sen embargo, un certo interese sociolóxico o modo en que Kuhn cre que debe ser analizada unha ciencia: como unha clase especial de sistema social, aínda que, en resumidas contas, non nos explica qué factores sociais inflúen no patrón uniforme de conducta dos científicos normais, nin tampouco por qué eses factores só se fan significativos cando unha ciencia se converte en “madura” (Katouzian, 1966, pp. 148-149).

Kuhn quixo, pois, fronte a unha concepción acumulativa da ciencia como a de Popper, soste que o seu progreso histórico se logra de modo descontinuo, con callos sen saída, con revolucións, desenvolvendo un papel importante os factores psico-sociais. É dicir, pretende ir máis aló da estricteza racionalidade lóxica-empírica pero, se cadra, non logra máis ca unha contribución á socioloxía da ciencia. E, en palabras de Popper, “*a idea de volverse cara á socioloxía ou cara á psicoloxía en busca de ilustración respecto dos obxectivos da ciencia e do seu posible progreso, resulta sorprendente e decepcionante*”.

Lakatos, pola súa parte, intenta sintetiza-la lóxica de Popper e a “socioloxía” kuhniana a través do que el chama “*programas de investigación*”. Para Lakatos

ningunha teoría é autónoma, todas están relacionadas entre si. Distingue un “núcleo central”, que non se somete a falseamento (Popper) e que é resistente de forma paradigmática ó cambio (Kuhn). O “cinto de protección” está configurado como un programa de investigación máis facilmente controlable. Moi acertadamente sinalouse que o *núcleo* lakatosiano vén a expresar unha idea virtualmente idéntica ó concepto de “visión” de Schumpeter –“o acto cognoscitivo preanalítico que proporciona as primeiras materias para o esforzo analítico”– ou o de “hipóteses sobre o mundo” de Gouldner. A medida que un programa científico de investigación se contrasta con falseamento, xurdirán variacións nos seus supostos auxiliares, nunha dirección enriquecedora –cambio *progresivo*– ou cara a unha diminución de contido –cambio *dexenerativo*–. Lakatos contempla, pois, os programas de investigación como capaces de pasar gradualmente dun status “progresivo” a outro “dexenerado”, ou viceversa. Pero a aparición dun programa alternativo non necesita esperar a unha crise de tipo kuhniano, xa que Lakatos é tolerante cos “programas de investigación en embrión”.

Podería dicirse algo semellante ó apuntado respecto de Kuhn cando se observan os programas de investigación: conceptos e procesos similares ós de núcleos centrais, cintos de protección, etc.; “*poden ser atopados na historia de case tódolos campos da creación humana (...). E a distinción entre a ciencia progresiva e a dexenerativa é demasiado vaga: só pode ser coñecida a posteriori*” (Katouzian, 1966, p. 137).

Cabería preguntarse agora se Kuhn e Lakatos supuxeron unha modificación significativa con respecto ó último Popper e en qué sentido. Todo o que nos atreveríamos a dicir é que, en especial Lakatos, suaviza os trazos “agresivos” daquel nunha liña de maior permisividade. Suavización límite en Feyerabend (1974), para quen o éxito dalgúns científicos que na historia foron residiu precisamente en ter incumprido deliberadamente tódalas regras convencionais. A filosofía da ciencia, afirma, é unha disciplina espuria, sen ningún descubrimento no seu haber.

Sen dúbida, a atracción cara a Feyerabend pode xurdir como reacción contra o limitado da metodoloxía ó uso ou coma un antídoto fronte ó método polo método, ó “mito da metodoloxía”: non importa moito o que fagamos con tal de que o fagamos ben (Kaplan, p. 380). Pero o lastre dunha elevada dose de escepticismo, relativismo e voluntarismo ameazaría a nosa propia actividade científica, non xa tanto a súa dimensión como a propia existencia.

Se do combate desenvolvido nos ámbitos da filosofía da ciencia descendemos ó dominio da *controversia entre economistas*, tomaremos como referencia a síntese exposta ó principio. Aí atopamos, en efecto, unha *polémica constante entre os defensores do método abstracto e os empiristas*, moderada na época máis recente, ó tender cara a un recoñecemento da pluralidade de enfoques, así como un maior escepticismo con respecto ás regras metodolóxicas (Landreth, 1976, pp. 499 e ss.).

Tralo método complexo de Smith e doutros autores clásicos –combinando a abstracción con elementos históricos e descritivos– resalta a postura ricardiana e o seu método deductivo. Coa chegada da revolución marxinalista e a perspectiva adoptada polo historicismo alemán, “*la problemática entre el método abstracto y el empírico alcanzó su cénit*” (Mochón, 1979, p. 64). Os neoclásicos mostráronse refractarios ás cifras e á historia, predicando o *apriorismo* (Von Mises, 1960), que adoptaría unha forma menos agreste con Lionel Robbins (1932), para quen o método se describía como “hipotético-deductivo”. Pero tamén as cousas se movían na dirección oposta, tratando de enche-las “caixas baleiras” da teoría. O positivismo lóxico gañaba, consciente ou inconscientemente, adeptos. O propio Keynes, cunha obra eminentemente teórica, alumou conceptos cuantificables. E o papel de Hutchison (1938) –sobre o que volveremos– como dinamizador da ruptura co deductivismo foi moi importante⁷.

Por non estendernos en demasía, diremos que xa queda lonxe o momento en que unha visión inxenua do empirismo cría na existencia de relacións cuasimecánicas entre formulación de hipóteses, contrastación e, por conseguinte, aceptación ou rexeitamento desas hipóteses: teoría e evidencia non sempre están univocamente relacionadas (Friedman, 1970). En definitiva, e aínda que nos inclinemos por afirmar que a Economía ha ter un forte contido empírico, cremos que debe impoñerse unha postura moderada no terreo metodolóxico. Pode ser certo que algúns, inmersos nunha especie de arrebatado verificador, se inclinaran en exceso cara ó refinamento de técnicas que tiñan como fin a propia técnica. A iso cabería engadirlle que non sempre o esforzo na sofisticación dos métodos de estimación foi acompañado –aínda que as responsabilidades sexan de paternidade diversa– dunha mellora na base de datos (Leontief, 1971, pp. 1-8; Klein, 1974).

Por último, e antes de facer explícita unha proposta metodolóxica, referirémonos aínda que sexa brevemente á dicotomía “proposicións normativas–proposicións positivas”, na que aínda non entramos por telo decidido así para efectos expositivos e non, claro está, porque ese problema estivese ausente no transfondo do discurso anterior. O tema era antigo, en efecto, pois atopámolo en Nassau Senior e en John Stuart Mill. Os positivistas ligarano ó binomio “feitos-valores” e a *nova economía do benestar* pareceu desdebuxar tan precisos lindeiros ó querer construír unha economía normativa libre de xuízos de valor.

John Neville Keynes distinguiu entre o estudio científico *positivo* das leis económicas, a economía baseada en materiais empíricos e institucionais que poderá dar regras prácticas para conseguir determinados fins e criterios éticos que son necesarios para formular recomendacións políticas (Keynes, 1965), aínda que existe unha certa ambigüidade entre a súa proposición de que “*a ciencia non ten a misión*

⁷ Non faltan quen din, sen embargo, que os neoclásicos sempre foron empiristas. Por exemplo, Hollis e Nell (1975).

de sancionar xuízos éticos e as súas continuas referencias aparentemente utilitaristas «á ciencia» da ética» (Hutchison, 1938, p. 30).

Desde Senior e Mill, como dicimos, pasando, entre outros, por Keynes, Pareto e Robbins, foise perfilando unha delimitación entre o positivo e o normativo, así como a conveniencia de transplantar esa distinción ó campo metodolóxico. Dos anos cincuenta en adiante, sen embargo, “*aínda que non se argumentou moi a miúdo que o economista non deba intentar manter unha distinción entre o normativo e o positivo, si, en cambio, suxeriuse recentemente, e con certa frecuencia, que non paga a pena intentalo, ou que constitúe unha inxenuidade crer ou afirmar que se pode ter éxito no empeño*” (Hutchison, 1938, p. 40). As tallantes afirmacións de Friedman (1953) non son subscritas unanimemente e se cadra pague a pena, para finalizar este apartado, deterse na posición de Myrdal.

“*Non hai ningunha perspectiva sen un punto de vista, nin respostas que non contesten a preguntas. No punto de vista que se adopta –di o economista sueco– e nas preguntas que se formulan hai valoracións implicadas*” (Myrdal, 1956, p. 177). E avoga pola técnica das premisas de valor explícitas. Myrdal evolucionara desde a primeira edición do seu libro *The Political Element in the Development of Economic Theory*⁸, e xa no ano 1953 escribía que a crenza implícita “*en la existencia de un cuerpo de conocimiento científico, adquirido independientemente de toda valoración, es, según lo veo ahora, un empirismo ingenuo*”⁹. Sen embargo, posturas como as de Myrdal chegan a suscitar un certo relativismo. E do escepticismo á manipulación vaise moito máis facilmente ó aboar aquel a actitude negativa ante a posible disciplina metodolóxica. Hutchison sostén, de todas formas, que o escepticismo ante a “neutralidade científica” en economía, “*pon máis énfase, cando menos abertamente, na súa imposibilidade que na súa inconveniencia*” (Hutchison, 1938, p. 162). En calquera caso, e tamén na liña deste pensador, a distinción entre o positivo e o normativo *deberá* manterse claramente sempre *que sexa posible*; incluso a custa, algunhas veces, dunha maior efectividade na persuasión. Ou o que é o mesmo, “*o programa científico prodúcese unicamente cando conseguimos maximiza-lo papel que desenvolven os feitos e minimiza-lo que desenvolven os valores. Se a Economía ha progresar, os economistas terán que conceder absoluta prioridade á tarefa de xerar e contrastar teorías económicas falseables*”.

Nas páxinas anteriores fomos debullando unha serie de ideas en torno ás teorías e ó método utilizado pola ciencia económica. Vimos, polo tanto, que a cuestión é máis controvertida ca pacífica, pero cunha *liña de forza* cara a un inevitable punto de encontro: a Economía ha interpretar e predicir, para o cal poñerá ó seu servizo a chamada análise teórica e a investigación empírica. Nun caso primará a dedución abstracta; no outro, a inducción. A complementariedade de ámbalas dúas aproximacións está, ó noxo xuízo, fóra de toda dúbida: mentres as teorías fecundan o tra-

⁸ Orixinalmente publicado no ano 1929.

⁹ Utilizamos aquí a tradución en castelán realizada á terceira edición (1961) da devandita obra por J. Díaz García, p. 9. Madrid: Gredos, 1967.

ballo empírico, este ofrece test para os supostos e as conclusións daqueles. E iso, a pesar de tódalas relativizacións que se queiran invocar en nome da hipótese das expectativas racionais.

Por outra parte, cremos que é útil e necesaria a distinción entre feitos e valores, aínda que a súa mutua interacción alimenta a dinámica científica. Stevenson (1966, p. 222) expresouno moi ben: “*En última instancia, el análisis y la valoración deben ir unidos; pues la primera sólo es útil siempre y cuando discipline a la última. Pero no deben ser unidas prematuramente. Hay que diferenciar cuidadosamente antes de poder combinarlos con provecho*”.

Tamén introducimos unhas referencias á escola histórica e ó institucionalismo. E fixémoslo sendo plenamente conscientes de que o nuclear é a análise económica, pero, abandonada ás súas propias forzas, corre o risco de perder poder explicativo. De aí a necesidade de non esquece-los referentes históricos nin os aspectos descritivos e institucionais, elementos aínda máis indispensables cando traballamos no campo da facenda pública¹⁰. Porque, aínda que esta disciplina se ocupa no plano positivo da influencia das actividades públicas –esencialmente impostos, gastos e transferencias– na asignación de recursos, prezos relativos e benestar, e na orde normativa de establecer regras para a toma de decisións gobernamentais, botando man dos instrumentos da moderna economía de benestar, descansa en especiais soportes institucionais. Utilizando unhas frases do profesor Naharro (1967, pp. XVIII-XIX) no prólogo dun libro de Gabriel Franco, diremos que a realidade da economía pública “*se halla mezclada íntimamente con la realidad política, jurídica y social, por lo que un tratamiento demasiado abstracto de sus contenidos abocaría a una explicación parcial e insuficiente de los mismos. Todo esto justifica la necesaria mezcla de análisis económico con la descripción institucional de variado color y la apoyatura histórica*”. Pero Naharro continuaba a súa argumentación para concluír defendendo a exclusividade da análise económica máis convencional. Cremos que a razón estribaba no relativo atraso que os manuais de Facenda Pública levaban –metodoloxicamente falando– con respecto ós de Economía. E se a mirada se volviera sobre a erma extensión facendística española daquela, inzada de descripción e empirismo¹¹, a sensación faríase máis profunda. Pero as cousas evolucionaron de tal modo que a situación é probablemente contraria á temida polo profesor Naharro.

¹⁰ Véxase a presentación da edición en castelán da obra de A.R. Prest (1961): *Public Finance in Theory and Practice*. Londres: Weidenfeld and Nicolson, realizada por E. Fuentes Quintana (Madrid: Gredos, 1967), pp. III-VII.

¹¹ Véxase a presentación da edición en castelán da obra de A.R. Prest (1961): *Public Finance in Theory and Practice*. Londres: Weidenfeld and Nicolson, realizada por E. Fuentes Quintana (Madrid: Gredos, 1967), pp. XI e ss.

Concluiremos, sen embargo, insistindo na *moderación metodolóxica* ou, como o expresou cun gran sentido do humor Martin Bronfenbrenner (1966, p. 27), a tolerancia no método: “*Yo sé lo que hacemos, pero no por qué lo hacemos. Aunque creo firmemente (no sin pruebas) que la mayoría de las instituciones de enseñanza y de investigación necesitan más, y no menos, tolerancia metodológica*”.

BIBLIOGRAFÍA

- AGLIETTA, M. (1979): *Regulación y crisis del capitalismo*. Madrid: Siglo XXI.
- AHIJADO, M. (1983): “¿Existen muchas interpretaciones de Keynes?: una revisión crítica de la literatura, con sugerencias para una reconstrucción de la macroeconomía”, *Hacienda Pública Española*, núm. 83, pp. 149-181.
- AMIN, S. (1973): *Developpement inégal*. París: Minit.
- ARROW, K.I.; DEBREU, G. (1954): “Existence of de Equilibrium for a Competitive Economy”, *Econometrica*, vol. 22, (xullo), pp. 265-290.
- AUTUME, D.A. (1980): “L’influence des effets de répartition sur l’unicité et la stabilité de configurations de déséquilibres”, en *Etudes sur l’économie en déséquilibre*. París: Económica.
- BARAN, P.; SWEEZY, P. (1964): *Monopoly Capital*. New York: Monthly Review Press. (Versión en castelán de 1968. México: Siglo XXI).
- BARRO, R.; GROSSMAN, H.I. (1971): “A General Disequilibrium Model of Income and Employment”, *American Economic Review*, vol. 61, núm. 1, (marzo).
- BENASSY, J.P. (1982): “Developments in non-Walrasian Economics and the Microeconomic Foundations of Macroeconomics”, en W. Hildebrand [ed.]: *Advances in Quantitative Economic*. New York: Cambridge University Press.
- BLAUG, M. (1985): *The Methodology of Economics*. The Press Syndicate of the University of Cambridge, 1980. (Traducción en castelán de A. Martínez. Madrid: Alianza, 1985).
- BRONFENBRENNER, M. (1966): “Introducción a la metodología económica para lectores de pretensiones intelectuales medias”, en S.R. Krupp [ed.]: *The Structure of Economic Science*. Prentice Hall. (Traducción en castelán de M.J. Díez. Madrid: Aguilar, 1973).
- BROOMAN, F.S. (1970): *Macroeconomía*. Londres: George Allen and Unwim.
- BRUNNER, K. (1986): “¿Ha fracasado el monetarismo?”, *Papeles de Economía Española*, núm. 28, pp. 188-204.
- CASAHUGA, A. (1980): *Democracia y Economía Política*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- CLOWER, R.W. (1965): “The Keynesian Counter-Revolution. A Theoretical Appraisal”, en R.H. Hahn e F.P.R. Brechling [ed.]: *The Theory of Interest Rates*. Londres: MacMillan.
- COASE, R. (1960): “The Problem of Social Cost”, *Journal of Law and Economics*, 3, pp. 1-44. (Traducción en castelán en *Hacienda Pública Española*, núm. 68, 1981).
- CUERVO, C. (1984): “El monetarismo novísimo o la nueva macroeconomía clásica”, *Hacienda Pública Española*, núm. 89, pp. 17-45.
- DAVIS, O.A.; WINSTON, A.B. (1965): “Welfare Economics and the Theory of Second Best”, *Review of Economic Studies*, núm. 32, pp. 1-14.
- DELFAUD, P. (1986a): *Les théories économiques*. París: PUF.

- DELFAUD, P. (1986b): *Keynes et le keynésianisme*. París: PUF.
- DOPFER, K. [coord.]: *Economics in the Future. Towards a New Paradigm*. Londres: MacMillan. (Traducción en castelán de C.H. Paschero. México: Fondo de Cultura Económica, 1978).
- FERNÁNDEZ, A.; RODRÍGUEZ, J.A. (1983): “Equilibrios no-walrasianos y reconstrucción de la macroeconomía keynesiana”, *Hacienda Pública Española*, núm. 83, pp. 232-233.
- FEYERABEND, P. (1974): *Contra el método*. Barcelona: Ariel.
- FISCHER, S. (1977): “Long-term, Contracts, National Expectations and the Optimal Money Supply Rule”, *Journal of Political Economic*, núm. 85, (febreiro), pp. 191-205.
- FRIEDMAN, M. (1953): *Essays in Positive Economics*. Chicago: Chicago University Press. (Versión en castelán de 1962. Madrid: Gredos).
- FRIEDMAN, M. (1968): “The Role of Monetary Policy”, *The American Economic Review*, 58, (marzo), pp. 1-17.
- FRIEDMAN, M. (1970): “The Methodology of Positive Economics”, en Breit e Hochman [ed.]: *Reading in Microeconomics*. Holt International.
- FRIEDMAN, M.; SCHAWARTZ, A.J. (1963): *A Monetary History of the United States 1867--1960*. New York: National Bureau of Economic Research.
- GARCÍA-BERMEJO, J.C. (1978): “Apuntes casi tópicos sobre teoría y método en economía”, *Cuadernos de Ciencias Económicas y Empresariales*, núm. 3, (outubro).
- GAREGNANI, P. (1970): “Heterogeneous Capital, The Production Function and The Theory of Distribution”, *The Review of Economic Studies*, pp. 407-436.
- GRUCHY, A.G. (1975): “La escuela institucionalista”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 7, p. 756. Madrid: Aguilar.
- HARCOURT, G.C. (1971): *Some Cambridge Controversies in the Theory of Capital*. Londres: The Syndics of the Cambridge University Press. (Traducción en castelán de J. Quesada. Barcelona: Oikos-Tau, 1975).
- HAY, D. E OUTROS (1969): *La época del Renacimiento. El amanecer de la edad moderna*. Barcelona: Labor.
- HICKS, J.R. (1964): *Value and Capital*. Oxford: Oxford University Press.
- HOLLIS, M.; NELL, E.J. (1975): *Rational Economic Man*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HUTCHISON, T.W. (1938): *The Significance and Basic Postulates of Economics Theory*. Londres: MacMillan.
- KAPLAN, A.: “Positivismo”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 8, pp. 375-380. Madrid: Aguilar.
- KATOZIAN, H. (1966): *Experience and Theory. An Essay in the Philosophy of Science*. Londres: Routledge.
- KATOZIAN, H. (1982): *Ideology and Method in Economics*. MacMillan Press, 1980. (Traducción en castelán de J.L. Zoffo. Madrid: Blume, 1982).
- KEYNES, J.N. (1965): “The Scope and Method of Political Economy”, en A.M. Kelly. New York 1965. (1ª ed. de 1890).
- KLEIN, L.R. (1974): *Testbook of Econometric*. New York: Prentice-Hall.
- KNIGHT, F.H. (1952): “Institutionalism and Empiricism in Economics”, *American Economic Review*, 42, núm. 2, pp. 45-55.
- KUHN, T.S. (1970): *The Structure of Scientific Revolutions*. 2ª ed. Chicago: Chicago University Press. (Versión en castelán de 1975. México: Fondo de Cultura Económica).

- LAIDLER, D. (1982): *Monetarist perspectives*. Phillip Allan.
- LAJUGIE, J. (1972): *Les doctrines économiques*. París: PUF.
- LAKATOS, I.: “Falsification and the Methodology of Scientific Research Programmes”, en I. Lakatos e A. Musgrave: *Criticism and the Growth of Knowledge*, pp. 91-196. Cambridge: Cambridge University Press. (Versión en castelán de 1975. Barcelona: Grijalbo).
- LANDRETH, H. (1976): *History of Economic Theory. Scope, Method and Content*. Houghton Mifflin.
- LANGE, O. (1942): “Say’s Law: A Restatement and Criticism”, en O. Lange e outros: *Studies in Mathematical Economics and Econometrics; in Memory of Henry Schultz*. Chicago: Chicago University Press.
- LEDUC, G.: “Jean-Baptiste Say”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 9, p. 488. Madrid: Aguilar.
- LEIJONHUFVUD, A. (1966): *On Keynesian Economics and The Economics of Keynes*. Oxford: Oxford University Press. (Traducción en castelán de J. Aubareda. Barcelona: Vicens-Vives, 1976).
- LEONTIEF, W. (1971): “Theoretical Assumptions and Non-observed Facts”, *American Economic Review*, (marzo), pp. 1-8 .
- LIPSEY, R.G.; LANCASTER, K. (1965): “The General Theory of Second Best”, *Review of Economic Studies*, núm. 63, pp. 11-32.
- LITTLE, I.M.D. (1960): *A Critique of Welfare Economics*. 2ª ed. Londres: Oxford University Press.
- LUCAS, R.E. (1972): “Expectations and the Neutrality of Money”, *Journal of Economic Theory*, núm. 4, pp. 103-124. (Traducción en castelán en *Cuadernos Económicos del ICE*, núm. 16, 1981).
- MAKIN, J.H. (1975): *Macroeconomics*. The Dryden Press. (Traducción en castelán de V. Agut. México: Interamericana, 1977).
- MALINVAUD, E. (1977): *The Theory of Employment Reconsidered*. Oxford: Basil Blackwell.
- MARDONES, J.M.; URSUA, N. (1983): *Filosofía de las Ciencias Humanas y Sociales*. Barcelona: Fontamara.
- MARSHALL, A. (1963): *Principes of Economics*. (8ª ed. de 1970). Londres: MacMillan. (Versión en castelán de 1963. Madrid: Aguilar).
- MCCALLUM, B.T. (1980): “Rational Expectations and Macroeconomic Stabilization Policy”, *Journal of Money, Credit and Banking*, 12, pp. 716-746.
- MEEK, R.L. (1962): *The Economic of Physiocracy*. Londres: George Allen and Unwin. (Traducción en castelán de J. García-Durán. Barcelona: Ariel, 1975).
- METZLER, LL.A. (1951): “Wealth, Saving and the Rate of Interest”, *Journal of Political Economy*, 59, (abril), pp. 93-116.
- MISES, L. VON (1960): *Epistemological Problems of Economics*. New York: Van Nostrand.
- MISHAN, E.J. (1969): *Welfare Economics, Then Introductory Essays*. 2ª ed. New York: Randow Home.
- MISHKIN, F.S. (1983): *A Rational Expectations Approach to Macroeconometrics*. Chicago: The University of Chicago Press.
- MOCHÓN, F. (1979): “Investigación empírica en Economía”, *Cuadernos de Ciencias Económicas y Empresariales*, núm. 4, (abril).

- MODIGLIANI, F. (1977): "The Monetary Controversy, or Should We Forsake Stabilization Policies?", *American Economic Review*, 67, pp. 1-19.
- MUNDELL, R.A (1960):, "The Public Debt, Corporate Income Taxes and Rate of Interest", *Journal of Political Economic*, 68, (decembro), pp. 622-626.
- MUTH, J.F. (1961): "Rational Expectations and the Theory of Price Movements", *Econometrica*, 29, pp. 199-228.
- MYRDAL, G. (1953): *The Political Element in the Development of Economic Theory*. Londres: Routledge and Kegan Paul.
- MYRDAL, G. (1956): *An International Economy*. New York: Harper.
- MYRDAL, G. (1957): *Rich Lands and Poor*. New York: Harper.
- MYRDAL, G. (1968): *Asian Drama. An Inquiry Into the Poverty of Nations*. New York: The Twentieth Century Fund.
- NAHARRO, J.M. (1967): "Prólogo", en G. Franco: *Principios de Hacienda Pública*. Madrid: Derecho Financiero.
- OSER, J.; BLANCHFIELD, W. (1975): *The Evolution of Economic Thought*. New York: Harcourt. (Traducción en castelán de P. Maldonado. Madrid: Aguilar, 1980).
- OTERO DÍAZ, C. (1986): *Clásicos del pensamiento económico y financiero*. Santiago de Compostela: Milladoiro.
- PATINKIN, D. (1965): *Money, Interest and Prices*. 2ª ed. New York: Harper. (Versión en castelán da primeira edición de 1963. Madrid: Aguilar).
- PHELPS, E. (1968): "Money-Wage Dynamics and Labor-Market Equilibrium", *Journal of Political Economy*, 76, (xullo-agosto), pp. 678-711.
- POPPER, K.R. (1963): *Conjectures and Refutations*. Londres: Routledge. (Versión en castelán de 1968. Buenos Aires: Paidós).
- POULON (1982): *Économie Générale*. París: Dunod.
- RAYMOND, J.L. (1986): "Expectativas racionales en Economía", *Papeles de Economía Española*, núm. 28, pp. 231-246.
- ROBBINS, K. (1932): *An Essay on the Nature and Significance of Economic Science*. Londres: MacMillan. (Versión en castelán de 1944. México: FCE).
- ROJO, L.A. (1970): "El método empírico y el conocimiento económico", en *Ensayos de Filosofía de la Ciencia. En torno a la obra de Sir Karl R. Popper*. Madrid: Tecnos.
- RUBEL, M. (1957): *Karl Marx: Essai de biographie intellectuelle*. París: Rivière.
- SAMUELSON, P.A. (1947): *Foundations of Economic Analysis*. Cambridge, MA: Harvard University Press. (Versión en castelán de 1957. Buenos Aires: El Ateneo).
- SARGENT, T.J. (1973): "Rational Expectations, the Real Rate of Interest and the Natural Rate of Unemployment", *Brookings Pap. Econ. Act.*
- SCHILLER, R (1978): "Rational Expectations and the Dynamic Structure of Macroeconomic Models: A Critical Review", *Journal of Monetary Economics* vol. 4, núm. 1, pp. 1-44. (Traducción en castelán en *Cuadernos Económicos del ICE*, núm. 16, 1981).
- SCHUMPETER, J.A. (1954): *History of Economic Analysis*. Oxford University Press. (Traducción en castelán de M. Sacristán, J.A. García Durán e N. Serra. Barcelona: Ariel, 1971).
- SCHUMPETER, J.A. (1967): *Síntesis de la evolución de la ciencia económica y sus métodos*. Barcelona: Oikos-Tau.

- SCHWARTZ, P. (1970): “El individualismo metodológico y los historiadores”, en *Ensayos de Filosofía de la Ciencia. En torno a la obra de Sir Karl R. Popper*, p. 117 e ss.
- SCITOWSKY, T. (1941): “Note on Welfare Propositions in Economics”, *Review of Economic Studies*, vol. 9, pp. 77 e ss.
- SCREPANTI, E.; ZAMAGNI, S. (1993): *An Outline of the History of Economic Thought*. Oxford University Press
- SELDON, A. (1983): “La nueva economía”, *Hacienda Pública Española*, núm. 80, pp. 181-208.
- SELIGMAN, B.B. (1962): *Main Currents in Modern Economics*. The Free Press of Glencoe. (Traducción en castelán de A. Casahuga e outros. Barcelona: Oikos-Tau, 1966).
- SHEFFRIN, S.M. (1983): *Rational Expectations*. Cambridge: Cambridge University Press.
- SOLOW, R.M. (1956): “A Contribution to the Theory of Economic Growth”, *The Quarterly Journal of Economics*, pp. 65-94. (Traducción en castelán en L.A. Rojo: *Teoría económica del desarrollo*. Madrid: Gredos).
- SPEGLER, J.J. (1975): “Pensamiento fisiocrático”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 7, pp. 737-742. Madrid: Aguilar.
- SRAFFA, P. (1960): *Production of Commodities by Means of Commodities: Prelude to a Critique of Economic Theory*. Cambridge University Press. (Traducción en castelán de L.A. Rojo. Barcelona: Oikos-Tau, 1966).
- STEVENSON, C.L. (1966): *Ética y lenguaje*. Buenos Aires: Paidós.
- SUPPE, F. (1979): *La estructura de las teorías científicas*. Madrid: Ed. Nacional.
- SURANYI-UNGER, T. (1975): “La escuela histórica”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 7, pp. 749-752. Madrid: Aguilar.
- TOBIN, J. (1972): “Inflation and Unemployment”, *American Economic Review*, 62, (marzo), pp. 1-18.
- TOBIN, J. (1981): “The Monetarist Counter-Revolution Today. An Appraisal”, *Economic Journal*, núm. 91, pp. 29-42.
- TOMAS CARPI, J.A. (1984): “La política económica a la luz de la hipótesis de las expectativas racionales: una revisión crítica”, *Hacienda Pública Española*, núm. 91, pp. 205-220.
- TOULMIN, S. (1977): *La comprensión humana*. Madrid: Alianza
- VILLAVERDE, J. (1983): “Principios y desarrollos del neoliberalismo económico”, *Hacienda Pública Española*, núm. 80, pp. 209-224.
- VINER, J. (1975): “Pensamiento mercantilista”, en *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 7, pp. 733-739. Madrid: Aguilar.
- WALLACE, N. (1975): “Rational Expectations, the Optimal Monetary Instrumente, and the Optimal Money Supply Rule”, *Journal of Political Economy*, núm. 83, pp. 241-254.
- WARD, B. (1972): *What's wrong with Economics?* Londres: Basic Books. (Traducción en castelán de J.C. Zapatero. Madrid: Alianza, 1983).